



**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE, DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE RESCATE EN EXCARCERACIÓNS, DE RESCATE EN ALTURA, E OUTRO MATERIAL DE INTERVENCIÓN, CON DESTINO AOS PARQUES DE BOMBEIROS DE CHANTADA, MONFORTE DE LEMOS E SARRIA (EXP. CON3/SU15-NSO), COFINANCIADA NUN 80% POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL “FEDER” NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2007-2013, EIXO 3, PRIORIDADE 53**

## **I. ELEMENTOS DO CONTRATO:**

### **1ª. Réxime xurídico do contrato.**

#### ***1.1. Ámbitos, subxectivo, obxectivo e cualificación do contrato***

Este contrato ten carácter administrativo, e dentro dos contratos administrativos dun contrato de subministración, recollido e regulado no artigo 9 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP). En consecuencia a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeranse polo establecido neste prego; para o que non estea previsto nel, será de aplicación o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, o Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, en todo o que non se opoña ó Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e estea vixente tras a entrada en vigor do Real decreto 817/2009 e polo Real Decreto 773/2015, de 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

De forma supletoria, se aplicarán calquera outras normas de Dereito administrativo e, no seu defecto, as normas oportunas de Dereito privado. Rexerá así mesmo, a normativa administrativa que derroque, substitúa ou modifique á citada e toda a que, no seu caso, estea vixente e lle sexa de aplicación na data de formalización e execución do contrato ata a súa completa extinción.

#### ***1.2. Prerrogativas da Administración***





As cuestións xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato, se resolverán na vía administrativa polo órgano de contratación, que é o competente para interpretar as dúbidas e resolver as mesmas no seu cumprimento, de xeito que as resolucións adoptadas polo mesmo, serán firmes na indicada vía, agás que nelas se dispuxera outra cousa e poderán, en consecuencia, ser recorridas directamente perante a xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto pola Lei reguladora desa Xurisdición.

### ***1.3. Xurisdición competente.***

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes no presente contrato, de conformidade co disposto no artigo 21.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

## **2ª. Obxecto do contrato e documentos que revisten carácter contractual.**

### ***2.1. Obxecto do contrato.***

O presente contrato ten por obxecto a adquisición por parte do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento (en adiante, Consorcio ou Administración) da subministración de material de rescate en excarceracións, de rescate en altura e subsolo, e doutro material de intervención, con destino aos parques de bombeiros de Chantada, Monforte de Lemos e Sarria, nos termos contidos neste Prego de Cláusulas Administrativas particulares e segundo as especificacións contidas, á súa vez, no Prego de Prescricións Técnicas que o órgano de contratación aproba con ocasión da aprobación do presente.

O presente contrato contén a seguinte codificación según a nomenclatura do Vocabulario común de contratos públicos (CPV):

35110000-8 Equipo de extinción de incendios, salvamento y seguridad

### ***2.2. Documentos que revisten carácter contractual.***

En consideración ao anterior, tanto o presente prego como o prego de prescricións técnicas e os seus Anexos ostentan carácter contractual, así como as melloras que de índole económica ou técnica presentara o adxudicatario e foran expresamente aceptadas polo Consorcio.

## **3ª. Órgano de contratación.**

### ***3.1. Órgano de contratación.***



Sobre a base do establecido pola Disposición adicional segunda apartado 2 do TRLCSP, e en cumprimento do acordo do Pleno do Consorcio, de data 5 de Novembro de 2015, o Presidente do Consorcio é o órgano de contratación no contrato regulado neste prego.

### **3.2. Perfil do contratante.**

De conformidade co establecido polo art. 53 do TRLCSP co fin de asegurar a transparencia e acceso público á información relativa a este contrato e sen prexuízo da utilización dos medios de publicidade correspondentes segundo queda reflectido neste prego, no perfil do contratante do Consorcio provincial (<http://www.salvamentolugo.org>), se incluírán os datos e información sobre o contrato tal e como se regula neste prego.

### **4ª.Presuposto de contratación e prezo do contrato.**

#### **4.1. Presuposto de contratación e partidas que integran o prezo.**

O presuposto de contratación e prezo ao que, como máximo, pode ascender o contrato, áchase determinado polo importe total no que se inclúe, aínda que figure en partida independente, o Imposto sobre o Valor Engadido; deste xeito, o tipo de contratación está formado polas partidas seguintes:

Prezo	59.800,00 euros
Imposto sobre o Valor Engadido (21%).	12.558,00 euros
Total (IVE engadido)	72.358,00 euros

#### **4.2. Elementos que inclúe o prezo**

No prezo anterior están incluídos, o transporte, impostos e gastos de posta en funcionamento dos bens contratados. En consecuencia, os contratistas, no momento de presentar as súas propostas, terán en conta que o prezo que oferten incluírá, en todo caso, a repercusión das porcentaxes indicadas no prezo que oferten así como en partida independente, o importe que sobre o prezo máximo debe repercutirse polo Imposto



sobre o Valor Engadido que, aínda constituíndo partida independente, forma parte do prezo e debe abonarse pola Administración contratante.

De acordo co disposto no artigo 88 do TRLCSP, o valor estimado do contrato está determinado polo importe total do mesmo, sen incluír o IVE (incluíndo calquera forma de opción eventual e as eventuais prórrogas do contrato), polo que o valor estimado no presente contrato ascende á cantidade de 59.800,00 euros.

### **5ª. Financiamento e existencia de crédito orzamentario.**

Para financiar as obrigas que se deriven da presente contratación existe, consignación orzamentaria na aplicación 135.623 por importe de 72.358,00 euros.

O importe deste contrato está cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional FEDER, no marco do programa Operativo FEDER GALICIA 2007-2013, Eixo 3, Prioridade 53

A contratación deberá supeditarse ás disposicións do Tratado da Unión Europea e aos actos fixados en virtude deste e serán coherentes coas actividades, políticas e prioridades comunitarias en pro dun desenvolvemento sostible e mellora do medio ambiente, debendo promover o crecemento, a competitividade, o emprego e a inclusión social, así como a igualdade entre os homes e mulleres, de conformidade co disposto no Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca.

O contratista deberá cumprir coas medidas de información e publicidade establecidas no artigo 8 do Regulamento (CE) nº 1828/2006 da Comisión do 8 de decembro de 2006 e o Regulamento 846/2009 da Comisión que modifica o anterior.

### **6ª. Revisión de prezos.**

En atención ao disposto polo art. 89 do TRLCSP, no contrato regulado neste prego, non serán revisados os prezos por canto é un contrato que se esgota no seu cumprimento (salvo as normas relativas ás garantías), pola entrega do seu obxecto nas condicións contractuais pactadas, momento no que nace o dereito o pago do seu obxecto.

### **7ª. Prazo de execución, duración do contrato e prazo de entrega dos bens.**

#### **7.1. Duración do contrato**





O contrato regulado neste prego, e un contrato de resultado, polo que o prazo de duración da relación contractual entre o adxudicatario máis o Consorcio entenderase estendido dende a data da formalización ata a devolución ao contratista da garantía definitiva.

### **7.2. Prazo de entrega**

O prazo de entrega do subministro polo contratista ao Consorcio, como Administración contratante, será dun máximo de 15 días naturais, contado a partir da subscrición do contrato administrativo. Este prazo poderá ser rebaixado polo contratista que resultara adxudicatario en función da mellora que, no seu caso, introducira na súa proposta e que fora base para a adxudicación e aceptada polo Consorcio.

### **7.3. Prórrogas**

O prazo contractual unicamente se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente e apreciadas polo órgano de contratación.

## **8ª. Capacidade e solvencia do empresario para contratar.**

### **8.1. Aptitude e capacidade.**

Están facultados para contratar as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que teñan plena capacidade de obrar e non estean incursoas nalgunha das prohibicións para contratar que sinala o art. 60 do TRLCSP e estén en disposición de acreditar que posúen a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, consonte ao establecido nos arts. 62, 75 e 77 do TRLCSP e na cláusula 16.2 deste prego. Asemade, os empresarios deberán contar coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúe o obxecto do contrato.

As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito da actividade que, a tenor dos seus estatutos ou regras fundacionais lles sexan propios. Respecto das empresas non comunitarias, comunitarias e unións de empresarios, estarase ao disposto polos arts. 55, 58 e 59 do TRLCSP. Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente e deberán nomear un representante ou apoderado único da unión, con poderes bastantes para exercitar os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a súa completa extinción, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar para cobros e pagos de contía significativa. Aos efectos da contratación, os empresarios que desexen concorrer integrados nunha unión temporal deberán indicar os nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión, caso de resultar adxudicatarios do contrato, correndo os custos que isto xere, de conta dos que integren aquela. Non poderán concorrer á contratación empresas que houberen participado na elaboración das especificacións técnicas ou





documentos preparatorios do contrato, nin por si nin mediante unión temporal de empresarios, sempre que dita participación poida provocar restricións á libre concorrència ou supoñer trato privilexiado de cara ao resto das empresas contratistaas.

## **8.2. Solvencia.**

Para presentarse á presente contratación e, no seu caso, celebrar o contrato, os empresarios deberán estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira así como profesional ou técnica que se especifican na cláusula 16.2 deste prego, se ben só o contratista proposto como adxudicatario deberá achegar a documentación precisa para acreditar a referida solvencia. De conformidade co artigo 146.5 apreciaráanse os requisitos de capacidade e solvencia esixidos en relación coa data de finalización do prazo de presentación de propostas.

## **II. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO**

### **9ª. Tramitación do expediente de contratación e adxudicación do contrato**

Consonte ao establecido nos arts. 109 e 173 do TRLCSP a tramitación do expediente será ordinaria e a adxudicación realizarase mediante procedemento negociado sen publicidade con multiplicidade de criterios ademais do prezo. En consideración ao indicado, os criterios obxectivos de adxudicación, e de negociación aparecen reflectidos e debidamente puntuados, na súa orde decrecente, na cláusula 22ª deste prego, incluíndo neles, a ponderación do prezo na esixencia contida a estes efectos polo apartado 5 do art. 10.5 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

6

### **10ª. Anuncio e información**

#### **10.1. Anuncios**

O anuncio desta contratación será posto de manifesto a través da publicación do correspondente anuncio no perfil do contratante do Consorcio.

De acordo co previsto no artigos 53 e o 151.4 do TRLCSP, a adxudicación será publicada no perfil do contratante do Consorcio.

O anuncio de formalización será posto de manifesto a través da publicación do correspondente anuncio no perfil do contratante do Consorcio.

#### **10.2. Información aos contratistas**

Os pregos e, no seu caso, a información complementaria do expediente, estarán a disposición dos contratistas no perfil do contratante do Consorcio. A data límite fixada



para a recepción de solicitude de información adicional sobre os pregos e sobre a documentación complementaria fíxase nos cinco días anteriores á data de remate da que corresponda á recepción das ofertas. Asemade, poderá obterse información na Secretaría do Consorcio (San Marcos 8, 27001 Lugo), en horario dende as 09:00 ata as 14:30 horas, de luns a venres, durante o prazo establecido no apartado anterior.

## **11ª. Proposicións: Lugar e prazo de presentación**

### ***11.1. Normas xerais***

Cada interesado non poderá presentar máis dunha proposición, nin poderá subscribir proposta ningunha en unión temporal con outros se o fai individualmente ou figurar en mais dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas subscritas polo infractor. Os contratistas terán en conta que a presentación dunha proposta supón a aceptación incondicional polo empresario do contido da totalidade das cláusulas ou condicións deste prego e dos seus anexos sen salvidade ou reserva ningunha.

### ***11.2 Presentación na Administración contratante.***

As proposicións para tomar parte na contratación deberán presentarse no Rexistro Xeral de Entrada do Consorcio sito no Edificio da Excma. Deputación Provincial de Lugo, en Lugo, Praza San Marcos nº8 27001 Lugo; cun horario de apertura de 09:00 a 14:30, de luns a venres.

7

### ***11.3. Prazo.***

A presentación das proposicións polos interesados, deberá realizarse dentro do prazo máximo dos oito días naturais contados dende a publicación do anuncio de contratación no perfil do contratante do Consorcio. En todo caso, se o derradeiro día coincidira con domingo ou festivo, o día de remate sería o primeiro hábil tras ese domingo ou festivo.

### ***11.4. Outros medios admitidos.***

Na forma e prazos expresados anteriormente, poderán tamén os contratistas, de conformidade co disposto polo art. 80.4 RXLCAP, presentar as súas ofertas, mediante calquera dos medios admitidos polo apartado 4 do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e, neste caso, para ser validamente admitida a proposta, o contratista deberá remitir, mediante Fax ao número 982260268, ao Consorcio contratante, o mesmo día de remisión da documentación por tales medios, copia do recibo ou do documento que verifique a entrada da súa proposta nos organismos que menciona o citado art. 38.4.

En aplicación do disposto polo art. 80.4 RXLCAP, se transcorridos dez días dende a data indicada de remisión, non é recibida a documentación, esta non será admitida.



Tampouco será admitida documentación algunha se chegara fóra de prazo e non se tivera remitido o anuncio da mesma mediante Fax xustificativo da data de imposición do envío. Non se admitirá que ese anuncio do envío se faga mediante correo electrónico.

## 12ª. Proposicións: Documentación.

As propostas que presenten os contratistas serán secretas e serán arbitrados os medios, pola Administración, que garantan ese carácter ata o momento da apertura. En aplicación do establecido polo art. 145,3 do TRLCSP, deberá terse en conta que cada contratista non poderá presentar máis dunha proposición e tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se xa o fai individualmente ou figura en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas subscritas polo infractor. Os contratistas deberán presentar as súas propostas dentro do prazo indicado na cláusula precedente e, en cada un dos sobres que se citan nos apartados 1 e 2 desta cláusula, no anverso dos que deberá figurar a lenda seguinte:

SOBRE " \_ " (segundo proceda: "A"ou "B" ) comprensivo de \_\_\_\_\_ (segundo proceda "Documentación administrativa", "Criterios de adjudicación", que presenta Dª./D. \_\_\_\_\_, en nome e representación da empresa " \_\_\_\_\_ " (ou Unión Temporal), con domicilio \_\_\_\_\_ teléfono \_\_\_\_\_ e Fax \_\_\_\_\_, para tomar parte na contratación do expediente nº CON3/SU15-NSO da subministración de material de rescate en excarceracións, de rescate en altura e subsolo, e doutro material de intervención, con destino aos parques de bombeiros de Chantada, Monforte de Lemos e Sarria, convocado polo Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento.

En \_\_\_\_\_, \_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_\_

(Sinatura do contratista e selo da empresa)

Os sobres incluírán a documentación que se cita nos apartados 1 e 2 da presente cláusula en orixinal ou copias auténticas ou compulsadas, documentación que de conformidade co disposto polo art. 35.d) da citada Lei 30/1992, do 26 de novembro, deberá figurar escrita en galego ou castelán, ou traducida oficialmente a calquera destes dous idiomas, e sen emendas, omisións ou tachadas que poidan levar á Administración, no procedemento de adjudicación, a confusións sobre o seu contido, intención ou natureza.

### 12.1. Sobre A: Subtitulado "DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA".

De conformidade co disposto polo artigo 146.4 do TRLCSP engadido pola Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización, o sobre A deberá conter:







### 12.1.1 Declaración responsable I, II e III

#### I. Modelo de declaración de non atoparse en causa de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa administración.

D/Dª  DNI

En nome propio

Con domicilio a efectos de notificación en:

Rúa/Praza  N°

Poboación  CP

En representación de  CIF

Con domicilio a efectos de notificación en:

Rúa/Praza  N°

Poboación  CP

Solicito tomar parte na contratación do expediente nº CON3/SU15-NSO da subministración de material de rescate en excarceracións, de rescate en altura e subsolo, e doutro material de intervención, con destino aos parques de bombeiros de Chantada, Monforte de Lemos e Sarria, convocado polo Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento, para o que declaro baixo a miña responsabilidade:

1.- Que non estou incurso en ningunha das causas de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa administración e que os administradores da persoa xurídica que represento non están incursos en ningunha das causas de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa administración das enumeradas no artigo 60 do TRLCSP.

2.- Que estou o corrente no pago e/ou que a persoa xurídica a que represento está ao corrente no pago, das obrigas tributarias e de seguridade social, nos termos establecidos polos artigos 13 e 14 do RXLC.

3.- Que non teño pendente de pago e/ou que a persoa xurídica a que represento non ten pendente de pago, ningunha débeda en período executivo coa Xunta de Galicia nin coa Deputación de Lugo.



4.- Que a persoa xurídica á que represento está dada de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato e non causou baixa no mesmo

En , de de 201

O CONTRATISTA

Asdo: D/D<sup>a</sup>

**II Modelo de declaración sobre a capacidade e solvencia para contratar coa administración.**

D/D<sup>a</sup>  DNI

En nome propio

Con domicilio a efectos de notificación en:

Rúa/Praza  N<sup>o</sup>

Poboación  CP

En representación de  CIF

Con domicilio a efectos de notificación en:

Rúa/Praza  N<sup>o</sup>

Poboación  CP

Declaro baixo a miña responsabilidade:

Que cumpro (que a persoa xurídica á que represento cumpre) as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración, incluídas as condicións de capacidade e solvencia recollidas na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas.

Todo o que manifesto baixo a miña responsabilidade para tomar parte na contratación do expediente n<sup>o</sup> CON3/SU15-NSO da subministración de material de rescate en excarceracións, de rescate en altura e subsolo, e doutro material de intervención, con destino aos parques de bombeiros de Chantada, Monforte de Lemos e Sarria, convocado polo Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento.

En , de de 201

O CONTRATISTA



Asdo: D/D<sup>a</sup>

**III. Documento de aceptación de forma de comunicación/notificación:**

D/D<sup>a</sup>  DNI

En nome propio

Con domicilio a efectos de notificación en:

Rúa/Praza  N°

Poboación  CP

En representación de  CIF

Con domicilio a efectos de notificación en:

Rúa/Praza  N°

Poboación  CP

Acepto expresamente que as comunicacións e notificacións que realice o Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento para o contrato da subministración de material de rescate en excarceracións, de rescate en altura e subsolo, e doutro material de intervención, con destino aos parques de bombeiros de Chantada, Monforte de Lemos e Sarria, expediente nº CON3/SU15-NSO, se realicen mediante o seu envío ó fax número: ou á dirección de correo electrónico:

11

En , de de 201

O CONTRATISTA

Asdo: D/D<sup>a</sup>

**12.1.2- Documentación que ademais da anterior, deberán aportar as Unións Temporais de Empresas:**

- Cada empresa que forme a Unión Temporal, deberá presentar as declaracións responsables na forma sinalada no apartado anterior.
- Figurará asimismo compromiso de constitución en Unión Temporal debidamente asinado polos participantes na Unión no que se recollan os nomes e circunstancias dos empresarios, a participación na unión de cada un deles, e a designación formal da persoa o persoas ou entidades, que, durante a vixencia do contrato, ostentará a representación da UTE ante a Administración contratante.





A falsidade ou inexactitude dos datos declarados polo contratista poderá provocar a desestimación da oferta ou, no seu caso, a súa resolución, con perda da garantía constituída, así como a esixencia das responsabilidades e indemnizacións que de tal feito se deriven. A Administración resérvase a facultade de comprobar en calquera momento a súa veracidade, ben antes da adxudicación do contrato, ou ben durante a súa vixencia, podendo realizar tal comprobación por si mesma, ou mediante petición ao contratista ou adxudicatario de documentación ou informes complementarios.

Non poderá incluírse neste sobre A, información que permita determinar a puntuación que os contratistas acadarían en base aos criterios de adxudicación. O incumprimento desta condición por parte dunha proposición dará lugar a súa exclusión do procedemento de adxudicación.

### **12.2. Sobre B: Subtitulado " CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN":**

Comprensivo tanto da proposta económica que oferta o contratista como da correspondente sobre os criterios de adxudicación de acordo todo co disposto na cláusula 22ª 1.a

*1º. Proposta económica: que estará axustada ao MODELO seguinte:*

D/Dona ....., con domicilio en ..... (localidade e provincia), rúa/praza ..... nº .. teléfono ..... e Fax....., co D.N.I. (ou Pasaporte ou Documento que o substitúa) Nº....., actuando no seu propio nome (ou na representación da empresa " \_\_\_\_\_" co C.I.F. \_\_\_\_\_, dirección \_\_\_\_\_) toma parte no procedemento para a adxudicación do contrato da subministración de material de rescate en excarceracións, de rescate en altura e subsolo, e doutro material de intervención, con destino aos parques de bombeiros de Chantada, Monforte de Lemos e Sarria (Expdte. nº CON3/SU15-NSO), convocado polo Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento segundo anuncio de contratación publicado no perfil do contratante do Consorcio, e para o que fai constar expresamente que:

Acepta tomar parte na contratación do subministro indicado de acordo coas condicións previstas polo Consorcio contratante.

Cóñece e acepta expresa e plenamente, os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexe na contratación, así como os seus Anexos, aceptando integramente os termos, cláusulas e obrigas contidos neses documentos, sen reserva ningunha.

Ofrece o prezo de: ....€ (en cifra e letra) constituído polas partidas seguintes:

Prezo base: ....€ (en cifra e letra).

12



Imposto sobre o Valor Engadido: ... € (en cifra el letra). Dito prezo ofertado inclúe os elementos e gastos que cita a Cláusula 4.2 do Prego de Condicións Administrativas particulares.

Se compromete e obriga expresamente a presentar dentro do prazo máximo de dez días contados a partir do requirimento da documentación necesaria para a adxudicación, a documentación á que fai referencia a cláusula 16 do referido prego de cláusulas administrativas.

En \_\_\_\_\_, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_\_

O CONTRATISTA,

(Sinatura e, no seu caso, selo da empresa)

*2º. Proposta de redución do prazo de entrega: axustada ao MODELO seguinte:*

D/Dona....., con D.N.I. (ou Pasaporte ou Documento que o substitúa) Nº....., actuando no seu propio nome (ou na representación da empresa “\_\_\_\_\_” co C.I.F. \_\_\_\_\_, dirección \_\_\_\_\_), toma parte no procedemento para a adxudicación do contrato de subministración de material de rescate en excarceracións, de rescate en altura e subsolo, e doutro material de intervención, con destino aos parques de bombeiros de Chantada, Monforte de Lemos e Sarria (Expdte. nº CON3/SU15-NSO), convocado polo Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento, e para o que fai constar que:

Acepta tomar parte na contratación da subministración indicada de acordo coas condicións previstas polo Consorcio contratante e comprométese expresamente a realizar a entrega da subministración nas condicións contractuais pactadas, dentro do prazo máximo de ..... DÍAS naturais, sen que dita redución do prazo implique merma ningunha na calidade, equipamento e calquera outra circunstancia contractual ou legal.

En \_\_\_\_\_, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_\_

O CONTRATISTA, (Sinatura e, no seu caso, selo da empresa)

*3º. Proposta de ampliación do prazo de garantía: axustada ao MODELO seguinte:*

D/Dona ....., con D.N.I. (ou Pasaporte ou Documento que o substitúa) Nº....., actuando no seu propio nome (ou na representación da empresa “\_\_\_\_\_” co C.I.F. \_\_\_\_\_, dirección \_\_\_\_\_) toma parte no procedemento para a adxudicación do contrato da subministración de material de rescate en excarceracións, de rescate en altura e subsolo, e doutro material de intervención, con destino aos parques de bombeiros de Chantada, Monforte de Lemos e Sarria (Expdte. nº CON3/SU15-NSO), convocado polo Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento, e para o que fai constar que:



Acepta tomar parte na contratación do subministro indicado de acordo coas condicións previstas polo Consorcio contratante e comprométese expresamente a ampliación do prazo inicial de dous anos de garantía, nun total de .....días naturais, o que supón un prazo total de garantía de ..... anos e ..... días naturais (1)

En \_\_\_\_\_, \_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_\_

O CONTRATISTA,

(Sinatura e, no seu caso, selo da empresa)

(1) Suma do prazo dun ano inicial máis o proposto de ampliación.

4º.- Anexo II ou III (segundo corresponda) debidamente cumprimentado

### **13ª. Garantías: Provisional e definitiva.**

#### ***13.1. Garantía Provisional. Non se esixe***

#### ***13.2. Garantía definitiva***

Ascenderá esta garantía á contía que resulte de aplicar a porcentaxe do 5 % ao importe do prezo de adjudicación do contrato excluído o Imposto sobre o Valor Engadido. O contratista que presente a oferta economicamente máis vantaxosa deberá acreditar a prestación da garantía definitiva, dentro do prazo dez días hábiles ao seguinte dende a recepción do requirimento (artigo 151.2). A garantía definitiva permanecerá vixente durante o prazo dun ano (1 ano), contado a partir do día seguinte ao da subscrición da Acta positiva de Recepción do Subministro obxecto do contrato, salvo mellora, neste extremo, presentada polo adxudicatario e aceptada polo Consorcio nos termos establecidos na cláusula 2ª deste prego.

14

#### ***13.3. Formas de prestación***

As garantías poderán prestarse en calquera das maneiras e coas formalidades a estes efectos previstas polo art. 96 do TRLCSP. A tales efectos as garantías poderán prestarse en metálico, mediante valores de elevada liquidez, mediante aval ou por seguro de caución, nestes últimos casos deberá estarse ao disposto polos arts. 55 e seguintes RXLCAP e coas formalidades que para a súa constitución prevé o art. 61 dese mesmo regulamento.

### **14ª. Valoración das ofertas e negociación posterior.**

#### ***14.1. Apertura das propostas. Sobres “A” e “B”***





Ao tratarse dun procedemento negociado sen publicidade, a constitución da Mesa de contratación é potestativa para o órgano de contratación, de conformidade co artigo 320 do TRLCSP, polo que non se constituirá a mesma para a presente contratación.

Para a apertura e valoración dos sobres “A” e “B” constituirase unha comisión de avaliación que estará formada por un membro proposto pola Xunta de Galicia e un membro proposto pola Deputación Provincial de Lugo. Actuará como Secretario, os efectos de levantamento das actas, o Secretario-Interventor do Consorcio.

## 14.2 Rolda de negociación

Esta mesma comisión avaliadora será a encargada de realizar a rolda de negociación e de realizar a proposta de adxudicación ao órgano de contratación.

## 15ª. Actuacións da Comisión de avaliación

### 15.1. Fases que comprende a apertura e valoración das ofertas

Se diferenciarán tres fases nas actuacións da Comisión de avaliación:

Fase I, comprenderá os actos relativos á apertura e cualificación da documentación contida nos sobres “A” e admisión inicial de contratistas.

Fase II, apertura do sobre “B” , e clasificación dos contratistas

Fase III, rolda de negociación. Avaliación dos criterios de negociación e proposta de adxudicación.

### 15.2. Fase I, apertura, cualificación da documentación (sobre A) e emenda

A Comisión avaliadora reuniráse para a cualificación previa da documentación e comprobación acreditativa da capacidade e solvencia para contratar dos contratistas (sobre “A”), no lugar que ao efecto se determine. Se no curso da reunión da comisión avaliadora, esta observara defectos materiais na documentación presentada, concederá, un prazo máximo de tres días hábiles para que o/s contratista/es sanee/n o/s erro/s apreciado/s, extremo que deberá ser notificado polo secretario da comisión avaliadora na mesma data do acto de cualificación da documentación, **sendo válida a comunicación**, mediante Fax, ou correo electrónico. En todo caso, as proposicións presentadas que non se axusten ao contido estrito esixido pola Cláusula 12.1 deste prego, non serán admitidas a contratación. No mesmo acto de apertura, poderá realizarse a admisión provisional de contratistas e, en todo caso, se levantará polo Secretario da comisión avaliadora, a Acta correspondente.

### 15.3. Fase II, apertura do sobre “B” e clasificación dos contratistas.



Sobre a base das comprobacións anteriores, no mesmo día do acto anterior ou ben no día, lugar e hora sinalado pola Comisión avaliadora, xuntarase ésta de novo, co obxecto de realizar a apertura dos sobres “B” e verificar o contido dos mesmos para, finalmente, proceder á valoración das propostas presentadas mediante a aplicación das fórmulas matemáticas recollidas na cláusula 22ª.1.c.

Nesta fase avaliaránse os criterios de adxudicación (1º.-prezo, 2º redución do prazo de entrega.- e 3º.- ampliación do prazo de garantía), segundo as fórmulas matemáticas recollidas na cláusula 22ª.1.c

Se da valoración dos criterios de adxudicación resulta que unha das ofertas presentadas acadara unha puntuación superior ao resto de ofertas en 20 puntos, ésta será proposta pola Comisión avaliadora como adxudicataria da presente contratación. En caso de que ningunha das ofertas presentadas supere en 20 puntos ou máis ao resto de propostas presentadas, a Comisión avaliadora iniciará unha única rolda de negociación.

#### **15.4. Fase III, rolda de negociación. Avaliación dos criterios de negociación.**

Efectuada a valoración das ofertas presentadas, e no suposto de que sexa preciso, a Comisión avaliadora iniciará a rolda de negociación, convidando a todos os candidatos presentados a negociar a ampliación do prazo de garantía (criterio 4º) e a redución do prazo de entrega (criterio 5º).

Co obxecto de que a negociación se realice en condicións de igualdade, a Comisión avaliadora dará a coñecer a todos os participantes o mellor prazo de garantía e de entrega presentados polo resto de competidores

O convite que abre o prazo para o inicio da negociación será efectuado por correo electrónico; igualmente as melloras no prazo de entrega e no prazo de garantía presentaránse por correo electrónico.

Unha vez publicadas as puntuacións acadadas na denominada fase II, procederáse pola Comisión avaliadora a cursar convite simultáneo a todos os competidores, para que presenten a documentación relativa aos criterios de negociación (criterios 4º e 5º da cláusula 22ª.1.b), no prazo de tres días hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel no que se curse o convite, O convite cursarase por correo electrónico. Do mesmo xeito, a documentación relativa aos criterios de negociación presentaráse por correo electrónico, non se admitirán nesta fase III, as propostas presentadas en formato papel.

A puntuación desta terceira fase nunha única rolda de negociación, sumarase a obtida na segunda fase.

Na Fase III, denominada “rolda de negociación. Avaliación dos criterios de negociación”, os candidatos deberán presentar – por correo electrónico- a seguinte documentación:







*4º. Proposta de redución do prazo de entrega: axustada ao MODELO seguinte:*

D/Dona....., con D.N.I. (ou Pasaporte ou Documento que o substitúa) Nº....., actuando no seu propio nome (ou na representación da empresa “\_\_\_\_\_” co C.I.F. \_\_\_\_\_, dirección \_\_\_\_\_), toma parte na negociación da contratación da subministración de material de rescate en excarceracións, de rescate en altura e subsolo, e doutro material de intervención, con destino aos parques de bombeiros de Chantada, Monforte de Lemos e Sarria (Expdte. nº CON3/SU15-NSO), convocado polo Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento, e para o que fai constar que:

Se compromete expresamente a realizar a entrega da subministración nas condicións contractuais pactadas, dentro do prazo máximo de ..... DÍAS naturais, sen que dita redución do prazo implique merma ningunha na calidade, equipamento e calquera outra circunstancia contractual ou legal

En \_\_\_\_\_, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_\_

O CONTRATISTA, (Sinatura e, no seu caso, selo da empresa)

*5º. Proposta de ampliación do prazo de garantía: axustada ao MODELO seguinte:*

D/Dona ....., con D.N.I. (ou Pasaporte ou Documento que o substitúa) Nº....., actuando no seu propio nome (ou na representación da empresa “\_\_\_\_\_” co C.I.F. \_\_\_\_\_, dirección \_\_\_\_\_) toma parte na negociación da contratación da subministración de material de rescate en excarceracións, de rescate en altura e subsolo, e doutro material de intervención, con destino aos parques de bombeiros de Chantada, Monforte de Lemos e Sarria (Expdte. nº CON3/SU15-NSO), e para o que fai constar que:

Se compromete expresamente a ampliación do prazo inicial de dous anos de garantía, nun total de .....días naturais, o que supón un prazo total de garantía de ..... anos e ..... días naturais (1)

En \_\_\_\_\_, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_\_

O CONTRATISTA,

(Sinatura e, no seu caso, selo da empresa)

(1) Suma do prazo da fase II, máis o proposto de ampliación.

**15.5. Proposta de adxudicación**

Rematadas as actuacións anteriores e no mesmo día do acto anterior ou ben noutro designado ao efecto, a Comisión xuntarase de novo co fin de realizar a proposta de adxudicación que lle corresponde. A tal efecto, unha vez aplicadas as fórmulas aos



criterios – de adxudicación e de negociación- correspondentes de acordo coa Cláusula 22ª, formulará, co resultado conxunto da fase II e fase III, a súa proposta de adxudicación. Unha vez levantada a correspondente Acta, será elevada ao órgano de contratación, xunto co resto de Actas, informes, documentos e antecedentes que obren no expediente.

**16ª. Documentación a presentar polo contratista que presente a oferta economicamente máis vantaxosa.**

De conformidade co art. 151 do TRLCSP, o Órgano de contratación requirirá ao contratista que presente a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez (10) días hábiles a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a seguinte documentación:

- 1.- Último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou o documento de alta neste, cando esta sexa recente e non xurda aínda a obriga de pagamento. A alta deberá achegarse en todo caso cando no recibo achegado non conste o epígrafe da actividade ou no suposto de non estar obrigado ao pagamento. Esta documentación deberá estar referida ao epígrafe correspondente ao obxecto do contrato que os faculte para o seu exercicio no ámbito territorial en que as exercen e deberá ir acompañada dunha declaración xurada de non ter causado baixa no referido/s epígrafe/s. No suposto de que o contratista estea exento do pagamento deberá acreditar tal circunstancia mediante declaración responsable
- 2.- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Administración do Estado, polo que respecta ás obrigas tributarias con este último.
- 3.- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Administración da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial de Lugo, polo que acredite a circunstancia de non ter débedas tributarias en período executivo con estas.
- 3.- Certificación expedida pola autoridade administrativa competente que acredite estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.
- 4.- Resgardo acreditativo da garantía definitiva por importe que se corresponde co 5% do importe de adxudicación (IVE excluído), constituído de conformidade co disposto neste prego.
- 5.- Cando o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, deberá achegar escritura pública de constitución como tal.
- 6.- Declaración responsable de que o adxudicatario non se atopa en concurso de acreedores.
- 7.- Documentos acreditativos da personalidade e capacidade de obrar:



a) Persoa física española:

Fotocopia do Documento Nacional de Identidade (ou Pasaporte ou documento que o substitúa regulamentariamente) ou do Número de Identificación Fiscal, debidamente compulsados.

b) Persoa xurídica española:

Fotocopia do Código de Identificación Fiscal (CIF) da empresa.

Escritura de constitución ou, no seu caso, modificación, inscrita no Rexistro Mercantil (“Caxetín” do Rexistro). No caso de que, conforme á lexislación mercantil, non fora esixible á persoa xurídica a súa inscrición no Rexistro Mercantil, a acreditación da capacidade de obrar será demostrada mediante a presentación de escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, onde consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial.

c) Empresas non españolas de estados membros da Unión Europea ou de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo: A capacidade de obrar será acreditada mediante a inscrición no Rexistro procedente ou presentación das certificacións que se indican no Anexo I do RXLCAP.

d) Restantes empresas estranxeiras:

Acreditarán a capacidade de obrar mediante informe expedido pola Oficina ou Misión Diplomática Permanente de España ou Oficina Consular de España do lugar do domicilio da empresa.

Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes a Unión Europea e non signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio, presentarán tamén un informe de reciprocidade expedido pola Misión Diplomática Permanente Española no que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite, á súa vez, a participación de empresas españolas na contratación coa Administración de forma substancialmente análoga.

Disposición común de orde xurisdiccional para todas as empresas non españolas

A totalidade das empresas non españolas (ou empresario individual non español), sexan ou non comunitarias, deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ao contratista.

8.- Documentación acreditativa da representación:





a) Persoa física española:

Fotocopia do Documento Nacional de Identidade (ou Pasaporte ou documento que o substitúa regulamentariamente) do asinante da proposición cando a mesma non sexa presentada polo propio empresario individual.

Se o contratista non actúa no seu propio nome deberá acompañar Poder Notarial para representar á persoa en nome da que se concorre ante o Consorcio, bastantado por fedatario público ou por Letrado colexiado no ámbito do Colexio Profesional Provincial.

b) Persoa xurídica española:

b.1. D.N.I., Pasaporte ou documento que o substitúa, do representante legal da empresa e, no seu caso, do que concorre na súa representación.

b.2. Cando o contratista actúe mediante representante, ou se trata dunha sociedade ou persoa xurídica, deberá achegar documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar, verificado de suficiencia (bastantado) pola Secretaría Intervención do Consorcio.

c) Persoas físicas estranxeiras e Empresas estranxeiras:

c.1. Persoa física da Unión Europea ou de Estado signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, ou de país signatario do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio ou non comprendido nos anteriores:

-Fotocopia do Documento Nacional de Identidade (ou Pasaporte ou documento que o substitúa regulamentariamente) do asinante da proposición cando a mesma non sexa presentada polo propio empresario individual.

-Poder bastante do asinante da proposición cando non sexa presentada polo propio empresario individual.

c.2. Persoa xurídica da Unión Europea ou de Estado signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, ou de país signatario do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio ou doutro país non comprendido nos anteriores:

-Fotocopia do Documento Nacional de Identidade (ou Pasaporte ou documento que regulamentariamente o substitúa do asinante da proposición)

-Poder bastante do asinante da proposición

9.- Documentos acreditativos da solvencia económica, financeira e técnica:



9.a) Solvencia económica e financeira (de conformidade co artigo 11 do Real Decreto 773/2015, de 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro e co artigo 75 do TRLCSP):

Será preciso acreditar un Volume anual de negocios do licitador ou candidato, que referido ao ano de maior volumen de negocio dos tres últimos concluídos, deberá ser cando menos una vez e media o valor estimado do contrato.

O volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, si o empresario estivese inscrito en devandito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil

9.b) Solvencia técnica (de conformidade co artigo 11 do Real Decreto 773/2015, de 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro e co artigo 77 do TRLCSP):

Será acreditada mediante a presentación dunha relación das principais subministracións do mesmo tipo ou natureza ao que corresponde o obxecto do contrato, no curso dos últimos cinco anos, avalados por certificados de boa execución (esixírase cando menos un certificado de boa execución por ano). O requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato.

O contratista que non estea obrigado a presentar todas ou algunha das declaracións ou documentos correspondentes ás obrigas tributarias que se relacionan no artigo 13 do Regulamento Xeral da LCAP, haberá de acreditar tal circunstancia mediante declaración responsable.

No suposto que haxa de terse en conta algunha exención, haberase de acreditar tal circunstancia mediante declaración responsable.

As certificacións ás que se refiren as cláusulas anteriores deberán ser expedidas de acordo co disposto no artigo 15 do Regulamento Xeral da LCAP e ter a vixencia indicada no artigo 16 do mesmo precepto legal.

Os estranxeiros, sexan persoas físicas ou xurídicas, pertencentes ou non a Estados membros da Unión Europea que non teñan domicilio fiscal en España, deberán presentar ademais certificación expedida por autoridade competente no país de procedencia, acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das correspondentes obrigas tributarias. Así mesmo, haberán de presentar certificación, tamén expedida por



autoridade competente, na que se acredite que se atopen ao corrente no cumprimento das obrigas sociais que se esixan no país da súa nacionalidade.

Se se observaran defectos materiais na documentación presentada, sempre que os referidos erros sexan cualificados como subsanables, concederáse un prazo de 3 días hábiles de conformidade co artigo 146 do TRLCSP para que o contratista sanee o erro apreciado.

### **17ª. Adxudicación**

O órgano competente para a contratación, deberá adoptar o correspondente acordo resolutivo de adxudicación, dentro do prazo máximo de dous meses desde a data de apertura das proposicións, de conformidade co disposto no artigo 161 do TRCSP, de non adxudicarse neste prazo, os contratistas teñen o dereito da devolución ou cancelación das garantías prestadas.

Os contratistas deberán manter as súas ofertas durante o prazo de dous meses desde a apertura das mesmas.

Os prazos indicados ampliaranse en quince días cando sexa necesario seguir os trámites aos que se refire o artigo 152.3 do TRLCSP e a cláusula 19 deste prego.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación referida na cláusula anterior.

Non poderá declararse deserta unha contratación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou contratistas e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante do Consorcio.

A notificación farase por calquera dos medios que permiten deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, poderá efectuarse por correo electrónico á dirección que os contratistas ou candidatos designasen ao presentar as súas proposicións, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007, do 22 de Xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos. Porén, o prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, será de cinco días.

### **18ª. Formalización do contrato**

O contrato que se deriva da presente contratación, se formalizará por escrito en documento administrativo na data que a Administración contratante sinala no anuncio de adxudicación, aínda que sempre dentro do prazo máximo dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación.



Actuará como representante do Consorcio quen ocupe a Presidencia do mesmo nese intre e, como representante do contratista quen así o teña acreditado no expediente, salvo presentación de novos documentos e poderes notariais que verifiquen o outorgamento desa representación a persoa distinta. Dito contrato formalizarase ante a Secretaría do Consorcio que asistirá nas súas funcións de fe pública, emitíndose tres exemplares do mesmo, coa fin da súa entrega as partes do contrato.

Os pregos de prescricións técnicas e os de cláusulas administrativas terán carácter contractual, polo que deberán ser asinados en proba de conformidade no mesmo acto de formalización do contrato.

Igualmente, ostentan carácter contractual as melloras que de índole económica ou técnica presentara o adxudicatario e foran expresamente aceptadas polo Consorcio.

En caso de discordancia entre o presente prego e calquera dos documentos contractuais, prevalecerá o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, no que se conteñen os dereitos e obrigas que asumirán as partes do contrato.

O documento en que se formalice o contrato será en todo caso administrativo, sendo título válido para acceder a calquera rexistro público.

Non obstante, o contrato formalizarase en escritura pública cando así o solicite o contratista, sendo á súa costa os gastos derivados do seu outorgamento.

23

Cando, por causas imputables ao contratista, non se houbera formalizado o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva o 3% do orzamento de contratación (IVE excluído).

### **19ª. Ofertas con valores anormais ou desproporcionados**

Cando o órgano de contratación presuma fundamentamente que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia de valores anormais ou desproporcionados segundo se indica neste prego, será notificada esta circunstancia aos contratistas supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días xustifiquen a valoración da oferta e as condicións da mesma consonte ao establecido no art. 152.3 LCSP, podendo solicitar a Administración o conseguente informe técnico. Se o órgano de contratación, atendidas as xustificacións presentadas polo contratista e o/s informe solicitado, estimase finalmente que a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, acordará a adxudicación en favor da seguinte proposición máis vantaxosa de acordo coa orde coa que foran clasificadas.

### **20ª. Adxudicación en caso de empate de contratistas**

No caso de que dúas ou máis proposicións acadaran a mesma puntuación unha vez aplicados a totalidade dos criterios de adxudicación e de negociación, terá preferencia para a adxudicación a empresa que tivera ofertado a mellor oferta respecto do criterio



con máis puntuación e, se persistira empate, iríase aplicando esa mesma preferencia, por orde de cada un dos criterios de adxudicación (por orde de maior a menor puntuación). Se persistise o empate, faráse un sorteo.

## 21ª. Incumprimento das condicións e nova adxudicación

Se o contratista que tivera presentado a oferta economicamente máis vantaxosa non presentase en forma e prazo a documentación indicadas na cláusula 16ª, non será realizada a adxudicación ao seu favor, por causa imputable ao mesmo, podendo o Consorcio, efectuar unha nova adxudicación ao contratista ou contratistas seguintes a aquel pola orde na que quedaran clasificadas as súas ofertas, sempre que isto sexa posible, neste caso, concederáselle a este un prazo de dez días hábiles para cumprimentar as obrigas que se establecen na cláusula 16ª.

## 22ª. Criterios de adxudicación, ofertas anormais ou desproporcionadas e renuncia.

### 1. Criterios de adxudicación e valoración.

Os criterios para a adxudicación do procedemento negociado sen publicidade con multiplicidade de criterios son os que de seguido se establecen, tendo en conta que a suma dos que constitúen as dúas fases nas que se compón, ascende a un máximo de 115 puntos, respectándose nese total, o mínimo a asignar á ponderación do factor prezo, na esixencia contida a estes efectos polo apartado 5 do art. 10.5 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega:

- a) Criterios de adxudicación (Fase II, documentación sobre “B”):

CRITERIO	PUNTUACIÓN
1.- Prezo (1)	De 0 a 70 puntos
2.- <i>Proposta de redución do prazo de entrega (2)</i>	De 0 a 20 puntos
3.- <i>Proposta de ampliación do prazo de garantía (3)</i>	De 0 a 10 puntos
<b>Suma dos criterios de adxudicación</b>	100 puntos





b) Criterios de negociación (Fase III, documentación sobre “C”):

CRITERIO	PUNTUACIÓN
4.- Proposta de redución do prazo de entrega (4)	De 0 ata 10 puntos
5.-Proposta de ampliación do prazo de garantía (5)	De 0 ata 5 puntos
<b>Suma dos criterios de negociación</b>	15 puntos

c) FÓRMULAS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:

(1): BAIXA NO PREZO:

Para a valoración deste apartado terase en conta:

- Aquelas ofertas que igualem o prezo de contratación serán valoradas con 0 puntos.

- Puntuaranse as ofertas proporcionalmente á baixada ofertada, de acordo coa seguinte fórmula:

$$Po = POE * \frac{(OL - Oi)}{(OL - Ob)}$$

Onde:

Po = puntuación da oferta

POE = puntuación máxima da oferta económica (70)

OL = 59.800,00 euros

Oi = oferta presentada polo contratista “i” que se valora (IVE excluído)

Ob = oferta máis baixa presentada (IVE excluído)

(2): MELLORA PRAZO DE ENTREGA: Calcularase tendo en conta a seguinte fórmula:

$$Po = POE * \frac{(OL - Oi)}{(OL - Ob)}$$



Onde:

Po = puntuación da oferta

POE = puntuación máxima do criterio

OL = 15 días

Oi = prazo de entrega ofertado polo contratista "i" que se valora

Ob = prazo de entrega máis baixo presentado.

(3): **MELLORA PRAZO GARANTÍA:** Calculárase tomando como base a mellora sobre o prazo de garantía establecido no prego, outorgando 0 puntos ao contratista que non mellore o prazo de garantía. Aos contratistas que melloren o prazo de garantía aplicaráselles a seguinte fórmula:

$$P_i = \frac{(G_i * POE)}{G_{max}}$$

26

$G_{MAX}$  = Mellora no prazo ofertada polo contratista que maior mellora presente. (se o prazo se oferta en meses, calcularáse o prazo equivalente, considerando que os meses teñen 30 días)

$G_i$  = Mellora no prazo ofertada polo contratista "i" que se valora. (se o prazo se oferta en meses, calcularáse o prazo equivalente, considerando que os meses teñen 30 días)

POE= Puntuación máxima do criterio

$P_i$  = Puntuación da oferta i.

d) **FÓRMULAS CRITERIOS DE NEGOCIACIÓN:**

(4): **MELLORA PRAZO DE ENTREGA:** Calculárase tendo en conta a seguinte fórmula:

A negociación partirá do menor dos prazos de entrega presentados na fase II (criterios de adjudicación); prazo que será comunicado aos contratistas no convite. O contratista que non reduza este prazo obterá 0 puntos neste criterio, na fase III; os que reduzan o menor dos prazos presentados na fase II, serán valorados atendendo á seguinte fórmula matemática:





$$P_o = POE * \frac{(OL - O_i)}{(OL - O_b)}$$

Onde:

P<sub>o</sub> = puntuación da oferta

POE = puntuación máxima do criterio

OL = Menor dos prazos de entrega ofertados na fase II.

O<sub>i</sub> = prazo de entrega ofertado polo contratista “i” que se valora

O<sub>b</sub> = prazo de entrega máis baixo presentado na fase III, de entre todos os presentados.

(5): MELLORA PRAZO GARANTÍA: Calcularase tomando como base a mellora sobre o prazo de garantía ofertado na fase II. O contratista que non incremento este prazo obterá 0 puntos neste criterio, na fase III; os que incrementen o mellor dos prazos presentados na fase II, serán valorados atendendo á seguinte fórmula matemática:

$$(G_i * POE)$$

$$P_i = \frac{\quad}{G_{max}}$$

27

G<sub>MAX</sub> = Mellor prazo ofertado na fase II.

G<sub>i</sub> = Incremento no prazo ofertada polo contratista “i” que se valora. (se o prazo se oferta en meses, calcularáse o prazo equivalente, considerando que os meses teñen 30 días)

POE= Puntuación máxima do criterio

P<sub>i</sub> = Puntuación da oferta i.

## 2. Consideración das ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

Considerarase, en principio como ofertas con valores anormais ou desproporcionados, cando a/s oferta/s económica/s estea nalgún dos seguintes supostos:

- Cando, concorrendo un solo contratista, sexa inferior a súa oferta ao presuposto de contratación en máis de 25 unidades porcentuais.
- Cando, concorrendo só dous contratistas, a oferta que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais respecto da outra.



- Cando, concorrendo tres contratistas, as ofertas que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Excluirase para este cómputo a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais á dita media. En calquera caso considerárase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.
- Cando, concorrendo catro ou máis contratistas, as ofertas que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Nembargante, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederáse ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

### 3. Renuncia.

A presentación da oferta vincula ao contratista coa Administración de tal xeito que a renuncia á adxudicación do contrato ou á prestación do subministro, realizada en calquera fase da tramitación do expediente (antes, durante a apertura dos sobres das ofertas, na proposta da Comisión avaliadora, etc.) faculta á Administración para a incautación do 3% do orzamento de contratación (IVE excluído), sen que haxa inconveniente ademais para a esixencia tamén de indemnización polos danos e prexuízos causados á Administración contratante e demais consecuencias previstas no TRLCSP. A renuncia do contratista incurso en ofertas con valores anormais ou desproporcionados, ben de forma expresa ou ben, non xustificando a baixa dentro do prazo concedido pola Administración, poderá ter iguais consecuencias que as indicadas anteriormente neste apartado.

28

## III. EXECUCIÓN DO CONTRATO

### 23ª. Responsable do contrato.

O Consorcio designará á persoa responsable do contrato, a quen corresponderá supervisar a execución do mesmo e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a correcta realización da prestación pactada. O exercicio das facultades que corresponden ao responsable do contrato non exime ao contratista da correcta execución do obxecto daquel, salvo que as deficiencias sexan debidas a ordes directas do responsable quen, en caso ningún, poderá modificar o contrato.

O contratista, sen custo adicional ningún facilitará á Administración asistencia profesional nas reunións explicativas ou de información que aquela estime necesarias para o aproveitamento e bo fin da prestación contratada.

### 24ª. Entrega dos bens obxecto de subministro.





**a) Lugar e prazo**

O subministro obxecto do contrato será entregado nos Parques de Bombeiros de Chantada, Monforte de Lemos e Sarria, ou en calquera outro lugar designado polo Consorcio (dentro da Comunidade Autónoma de Galicia) e dentro do prazo outorgado para esa fin ao contratista, estando este na obriga de notificar por escrito á Administración (sendo posible que esa comunicación estea realizada mediante Fax), o día, hora e lugar previstos para a entrega dos bens obxecto do subministro cunha antelación mínima de tres días hábiles.

**b) Risco e ventura**

A entrega da subministración que regula este prego está efectuada a risco e ventura do contratista que resultara adxudicatario, quen non terá dereito a indemnización ningunha por perdas, avarías ou prexuízos que poidan ser ocasionados nos mesmos durante ou con motivo da execución, agás causa de forza maior debidamente motivada e aceptada polo Consorcio ou ben, por mora deste na recepción. Os bens entregados polo contratista deberán estar en disposición de ser inmediatamente utilizados polo Consorcio.

**Acta de recepción**

De conformidade co establecido polo art. 222 do TRLCSP deberá verificarse por persoal técnico correspondente, ao efecto facultado polo Consorcio, a idoneidade do subministro, para o que se personará no momento da entrega daquel, de forma que constatada a sinalada idoneidade, deberá subscribirse a Acta positiva de Recepción. Na dita recepción e aos efectos do establecido polo art. 214.1.d) da Lei Reguladora das Facendas Locais (Texto Refundido aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo) poderá acudir o Secretario Interventor do Consorcio. O contratista estará representado por quen ostente dita facultade no expediente. Unha vez subscrita esa Acta, comezará a contar o prazo de garantía e poderá o contratista emitir a correspondente factura. Se o subministro non está en condición de ser recibido, deberá facerse constar este extremo na Acta de recepción (que non será positiva), dándosele ao adxudicatario as instrucións precisas para que sanee os defectos observados ou proceda á entrega dun novo subministro de conformidade co pactado, sen prexuízo da mora e consecuencias que disto puideran derivarse.

**c) Custodia**

Por causas debidamente xustificadas, o Consorcio determinará que os bens obxecto do subministro continúen en depósito do contratista –e a conta, por risco e responsabilidade deste– durante un prazo máximo de seis meses a contar dende a data de formalización do contrato, polo que, se ten lugar esta circunstancia, o contratista non poderá reclamar ou esixir ao Consorcio cantidade adicional algunha por ese concepto.

**d) Obxecto do subministro**





O contratista deberá entregar ao Consorcio, non unicamente os bens obxecto do subministro, senón que a recepción deste, comprende, así mesmo, a documentación, instrucións e información bastante sobre os devanditos bens, así como impartir os cursos de adestramento requiridos durante o tempo necesario, sen que iso supoña cantidade ou custo adicional algún para o Consorcio. Así mesmo, o contratista está na obriga de proporcionar ao Consorcio os manuais de funcionamento dos bens subministrados en número equivalente ao dos usuarios; dita documentación deberá estar redactada en idiomas castelán ou galego.

### **25ª. Gastos de transporte, almacenaxe e custodia**

Serán, en todo caso, de conta do contratista os gastos orixinados polo transporte para a entrega ao Consorcio do subministro. Así mesmo, será responsable o contratista da custodia da subministración ata a súa entrega efectiva ao Consorcio correndo os gastos xerados por ese concepto, se os houbese, tamén da súa conta, agás que por causa imputable á Administración esta non recibira a subministración na data pactada (salvo no caso previsto pola cláusula 24.4 deste Prego).

### **26ª. Prazo de garantía e responsabilidade por vicios ocultos**

O prazo de garantía dos bens subministrados se establece, como mínimo nun ano, aínda que poderá ser un prazo maior en función da mellora neste aspecto presentada, no seu caso, polo adxudicatario. O prazo será contado a partir da data da Acta de Recepción (positiva), tendo a Administración, durante ese prazo, dereito á reparación ou reposición, se fora suficiente, dos bens subministrados que presenten vicios ou defectos. Durante o prazo de garantía o contratista terá dereito a ser oído sobre a aplicación dos bens que constitúen o obxecto do subministro. Se o órgano de contratación, durante o prazo de garantía, considera que os bens subministrados non son aptos para a fin pretendida, como consecuencia dos vicios ou defectos observados neles e imputables ao contratista e exista a presunción de que a reposición ou reparación nos bens non vai ser bastante para lograr aquela finalidade, antes de rematar o prazo de garantía, poderá rexeitar os bens deixándoos da conta do contratista e quedando o Consorcio exento da obriga de pago ou, no seu caso, tendo dereito á recuperación do prezo satisfeito. Finalizado o prazo de garantía sen que por parte da Administración contratante se formularan reparos relativos aos bens subministrados, o contratista quedará exento de responsabilidade con relación aos mesmos.

### **27ª. Obrigas laborais, sociais e económicas do contratista**

O persoal que imparta os cursos de adestramento e o responsable da asistencia técnica dependerá exclusivamente do contratista, quen terá todos os dereitos e deberes inherentes a súa calidade de empresario respecto daquel.

O contratista responderá de cantas obrigas lle veñan impostas polo seu carácter de empregador, así como do cumprimento da totalidade das normas que regulan a relación laboral ou doutro tipo, existente entre aquel ou entre os seus subcontratistas, e os



traballadores dun e doutro, sen que poida repercutir contra a Administración contratante multa ningunha, sanción ou calquera tipo de responsabilidade que, por incumprimento dalgunha delas, puideran impoñerlle os Organismos competentes.

En calquera caso, o contratista indemnizará á Administración contratante de toda cantidade que se vira obrigada a pagar por incumprimento das obrigas establecidas neste prego, aínda que isto lle veña imposto por resolución xudicial ou administrativa.

Corresponderá e será de cargo do contratista:

- a. A obtención das autorizacións e licenzas, documentos ou calquera información tanto oficiais como particulares que sexan requiridas para a realización do subministro.
- b. Os gastos de comprobación de materiais, vixilancia do proceso de fabricación, se procede e os de materiais, persoal, transporte, entregas e retirada dos bens ata o lugar e destino convido, montaxe, posta en funcionamento o uso e posterior asistencia técnica dos bens durante o prazo de garantía, así como calquera outro gasto a que houbera lugar para a correcta execución do contrato, incluídos os fiscais.
- c. A indemnización dos danos que poidan causarse á Administración contratante ou a terceiros, como consecuencia das operacións que requira a correcta execución do contrato, salvo si eses prexuízos estiveran causados por unha orde directa e inmediata da dita Administración.
- d. Toda reclamación relativa á propiedade industrial, intelectual ou comercial dos materiais, procedementos e equipos utilizados na fabricación do subministro e ao seu acabado final, debendo indemnizar á Administración dos danos e prexuízos que para a mesma puideran derivarse da interposición de reclamacións, incluídos os gastos derivados dos que eventualmente puideran dirixirse contra a mesma.
- e. O contratista deberá ter subscritos os seguros obrigatorios, así como o que cubra as responsabilidades que se deriven da execución do contrato se fora preciso.

31

## 28ª. Dereitos do contratista.

### Dereito ao pago

Dereito ao pago do subministro entregado de acordo ás cláusulas do presente prego, dentro dos prazos establecidos no artigo 216 do TRLCSP, a contar dende achega da correspondente factura, sempre que se tivese suscrito a Acta de recepción positiva.

Recoñecido o valor legal das facturas emitidas electrónicamente no RD 1496/2003, que aproba o Regulamento sobre as obrigas de facturación, e en atención ao previsto no artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público, a presentación das facturas en formato electrónico será obrigatoria para as Sociedades Anónimas, Sociedades de Responsabilidade Limitada, as Unións Temporais de Empresas, as Agrupacións de





Interese Económico (Lei 12/1991, de 29 de abril, de Agrupacións de Interese Económico), as Agrupacións de Interese Económico Europeas (Regulamento (CEE) nº 2137/85 do Consello, de 25 de xullo de 1985), as persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española e para os establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria.

As restantes persoas xurídicas e as persoas físicas, aínda que non están obrigadas, presentarán tamén as facturas emitidas, preferentemente, en formato electrónico.

O acceso ao Sistema electrónico de facturación do Consorcio, e a información sobre o mesmo será a través das seguintes URL: <https://face.gob.es>.

Tendo en conta o anterior, nos supostos nos que o contratista non estea obrigado a presentar a factura electrónica e a presente en formato papel terá a obriga de presentar a factura expedida ao Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento, polos servizos prestados ou produtos entregados, ante o rexistro xeral, debendo constar na factura como órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública e contratación o Ilmo. Sr. Presidente Consorcio, e como destinatario o responsable do contrato.

### **Dereito ao incremento sobre o pago por demora deste**

Dereito a cobrar os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

### **Transmisión dos dereitos de cobro**

Unha vez adquirido o dereito de cobro fronte a Administración de conformidade co disposto neste prego, o contratista terá dereito a súa transmisión nos termos establecidos polo art. 218 do TRLCSP, para a plena efectividade da cesión deberá estar expresa, formal e fidedignamente notificada ao Consorcio quen, tomada razón daquela, xirará, desde ese momento, os mandamentos de pago en favor do cesionario, de tal xeito que os anteriores a esta sen dita comunicación fidedigna aínda que xa existira acordo de cesión, xurdirán efectos liberatorios para o Consorcio.

### **29ª. Pago do prezo do contrato**

O pago do subministro realizarase dunha sola vez e contra os créditos orzamentarios previstos para esa fin e, en todo caso, unha vez verificados os extremos seguintes:

- a. A efectiva entrega do subministro mediante a incorporación ao expediente da Acta de Recepción positiva.







- b. A entrega no Consorcio da correspondente factura emitida polo contratista, consonte ao establecido pola lexislación vixente no momento da expedición da factura.
- c. informe favorable da Intervención do Consorcio, proponendo o pago.
- d. A aprobación da factura pola Presidencia do Consorcio.

Toda vez que os prezos de oferta e adxudicación deben realizarse conforme ás cláusulas deste prego, o contratista non poderá esixir ao Consorcio, en caso ningún, pago de cantidade algunha por conceptos tales como gastos de transporte, almacenaxe, embalaxe, instalación, montaxe, seguros, matriculación, homologación, melloras ou cambios nestas e calquera outros xa comprendidos no prezo do contrato.

### **30ª. Prazo de execución do contrato e penalidades Administrativas**

#### **Prazo único e cumprimento**

O contratista queda obrigado ao cumprimento do contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización tendo en conta que non existen prazos parciais.

#### **Mora do contratista**

A constitución en mora polo contratista non precisará intimación previa por parte da Administración contratante. A imposición das penalidades consecuentes con ese atraso serán aplicadas automaticamente polo órgano de contratación. Se chegado o termino do prazo de entrega o contratista incorrera en mora por causas imputables ao mesmo, a Administración poderá optar, indistintamente, pola resolución do contrato con perda da garantía definitiva ou pola imposición das penalidades establecidas no citado artigo. O importe das penalidades non exclúe a indemnización a que a Administración contratante puidera ter dereito polos danos e prexuízos orixinados pola demora do contratista. Caso de que o atraso fora por motivos non imputables ao contratista estarase ao disposto polo art. 213 do TRLCSP.

33

### **31ª. Devolución e cancelación da garantía definitiva.**

De acordo co establecido polo art. 102 do TRLCSP, transcorrido o prazo de garantía polos servizos técnicos emitirase un informe da inexistencia de responsabilidades por parte do contratista proponendo a devolución da garantía constituída ou cancelación do aval ou seguro de caución. O acto que resolva sobre dita devolución deberá adoptarse e notificarse ao interesado no prazo de dous meses dende a finalización do prazo de garantía. Transcorrido dito prazo a Administración deberá abonar ao contratista a cantidade adebedada incrementada co interese legal do diñeiro correspondente ao período transcorrido dende o vencemento do citado prazo ata a data da devolución da garantía, se esta non se tivera feito efectiva por causa imputable á Administración. Transcorridos seis meses dende a data de finalización do contrato sen que a recepción formal tivera lugar por causa non imputable ao contratista, procederá, sen mais



demora, á devolución ou cancelación da garantía unha vez depuradas as responsabilidades ás que fai referencia o art. 100 do TRLCSP.

**32ª. Causas e efectos da resolución do contrato**

Son causas que determinan a resolución do contrato as sinaladas con carácter xeral para a resolución dos contratos administrativos no art. 223 do TRLCSP asemade se aplicará o disposto sobre as causas específicas de resolución dos contratos de subministro segundo ven establecido no art. 299 do TRLCSP en todo caso, cos efectos previstos nos arts. 109 a 113 RXLCAP.

**ANEXO I. DECLARACIÓN DE NON VARIACIÓN (Presentar polo contratista proposto como adxudicatario no caso de estar inscrito nun Rexistro de contratistas)**

D./Dona. ...., co DNI núm. ...., en nome propio ou en representación da empresa ..... co NIF/CIF núm. ....

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE**

Que me atopo inscrito ou a empresa á que represento se atopa inscrita no Rexistro..... co número..... e que as circunstancias reflectidas na certificación do mesmo non experimentaron variación.

34

....., de ..... de .....

(Sinatura e selo do contratista)

**ANEXO II: DECLARACIÓN RELATIVA A GRUPO DE EMPRESAS (Incluír no sobre B. Presentar se concorren á contratación máis dunha empresa do grupo ou vinculadas).**

D./Dona , con DNI , visto o disposto no prego de cláusulas administrativas particulares, así como o artigo 145.4 do TRLCSP, mailo artigo 86 do RXLCAP, en relación co disposto no artigo 42.1 de Código de comercio (CC), emito a seguinte

**DECLARACIÓN XURADA**

A entidade mercantil ., para os efectos previstos no artigo 145.4 do TRLCSP, mailo artigo 86 do RXLCAP, declara (deberá consignarse a continuación o que proceda):



- Non se atopa incurso nos supostos previstos no artigo 42.1 do CC, por non pertencer a un grupo de empresas nin estar integrada por ningún socio no que conorra algún dos supostos alternativos establecidos no artigo 42.1 dese código.
- Se atopa incurso no suposto (menciónese este) \_\_\_\_\_, previsto no artigo 42.1 do CC, ao pertencer ao grupo de empresas \_\_\_\_\_ (ou se é o caso, estar integrada por algún socio no que conorre algún dos supostos alternativos do artigo 42.1 do CC) respecto da cal forman parte as seguintes sociedades (deberán consignarse a continuación as denominacións sociais que integran o grupo ou das sociedades nas cales conorra algún dos supostos alternativos regulados na devandita norma legal respecto dalgún dos seus socios):
- a)  
b)

Todo o que manifesto baixo a miña responsabilidade para tomar parte na contratación do expediente nº CON3/SU15-NSO da subministración de material de rescate en excarceracións, de rescate en altura e subsolo, e doutro material de intervención, con destino aos parques de bombeiros de Chantada, Monforte de Lemos e Sarria

En \_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 201

O CONTRATISTA

Asdo: D/D<sup>a</sup>

(Sinatura)

35

**ANEXO III: DECLARACIÓN RELATIVA A GRUPO DE EMPRESAS (Incluír no sobre B se NON concorren á contratación máis dunha empresa do grupo ou vinculadas).**

D./Dona \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, visto o disposto no prego de cláusulas administrativas particulares, así como o artigo 145.4 do TRLCSP, mailo artigo 86 do RXLCAP, en relación co disposto no artigo 42.1 de Código de comercio (CC), emito a seguinte

**DECLARACIÓN XURADA**

A entidade mercantil \_\_\_\_\_, para os efectos previstos no artigo 145.4 do TRLCSP, mailo artigo 86 do RXLCAP, declara:

- Que non conorre á contratación para a adxudicación mediante procedemento negociado sen publicidade do contrato de subministración de material de rescate en excarceracións, de rescate en altura e subsolo, e doutro material de intervención, con destino aos parques de bombeiros de Chantada, Monforte de Lemos e Sarria, expediente nº CON3/SU15-NSO, outra empresa do grupo ou vinculada.



En , de de 201

O CONTRATISTA

Asdo: D/D<sup>a</sup>

(Sinatura)

Lugo, 17 de novembro de 2015

O SECRETARIO-INTERVENTOR

José Antonio Mourelle Cillero

36